



BOP

VENRES, 10 DE XANEIRO DE 2025

N.º 007

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS MONDOÑEDO

Anuncio

A Alcaldía-Presidencia do Concello de Mondoñedo, o día 7 de xaneiro de 2025 ditou a resolución núm. 2025-0001 que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA (1) PRAZA DE OFICIAL SERVIZOS MÚLTIPLES-CONDUTORES DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, PARA O POSTO DENOMINADO “OFICIAL SERVIZOS MÚLTIPLES-CONDUTORES”, GRUPO AP, XORNADA COMPLETA, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (D.A. 6ª e D.A. 8ª da Lei 20/2021)

O Presidente do Goberno de España, publicou no Boletín Oficial do Estado núm. 312, do 29 de decembro de 2021, a Lei 20/2021, do 28 de decembro de 2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

A Alcaldía, deste concello, aprobou mediante Resolución núm. 2022-0110 do 24 de maio de 2022, a oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal, que cumpría as previsións do artigo 2 e da disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 119, do 26 de maio de 2022, realizando previamente a negociación colectiva establecida pola lexislación vixente.

Posteriormente, o Concello de Mondoñedo, confeccionou as Bases Xerais que regulan, xunto coas Bases Específicas, o proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, convocado para o ingreso en unha praza de persoal **laboral fixo** no Concello de Mondoñedo denominada **Oficial Servizos Múltiples-Condutores (posto: Oficial Servizos Múltiples-Condutores** polo sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, **xornada completa**, incluída na Oferta de emprego público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (D.A. 6ª e 8ª da Lei 20/2021), e publicadas no BOP de Lugo nº 298, do 30 de decembro de 2022 e corrección de erros no BOP de Lugo nº 299, do 31 de decembro de 2022, co anuncio do extracto da convocatoria no DOG núm. 20, do 30 de xaneiro de 2023 e no BOE núm. 37, do 13 de febreiro de 2023.

Unha vez publicado no BOE o extracto da convocatoria e bases xerais e específicas, iniciouse o prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte á publicación, polo que o prazo de presentación de instancias estivo aberto desde o 14 de febreiro ata o 6 de marzo de 2023 (ambos inclusive).

Esta Alcaldía, ditou o día 30 de marzo de 2023 a Resolución núm. 2023-0070 a través da que se aprobaba a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao citado proceso selectivo. Houbo alegacións, polo que tal e como se establece no apartado 6.2 das Bases Xerais reguladoras do proceso de selección, a Alcaldía ditou, o 27 de abril de 2023, a Resolución nº 2023-0122 coa lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao citado proceso. Esta lista publicouse o mesmo día no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do concello, sen que consten recursos contra a listaxe definitiva, tal e como se especifica no apartado 6.2.1.

Esta Alcaldía, ditou o día 14 de maio de 2024 a Resolución núm. 2024-0101 a través da que se nomea e se convoca ao tribunal para a fase de acreditación do coñecemento da lingua galega, así como para o posterior baremo de méritos dos aspirantes admitidos e excluídos neste proceso selectivo.

Logo de ver a acta do tribunal do proceso selectivo do 23 de maio de 2024, na que se reflicte que o candidato resultou Apto na proba de coñecemento da lingua galega. Posteriormente, na acta do 30 de maio de 2024, reflíctese que o candidato MANUEL ALONSO ALONSO con DNI ***1833** foi o candidato con maior puntuación, esta estivo exposta na sede electrónica desta entidade local (<https://sedelectronica.mondonedo.gal>), por un período de 5 días naturais, desde o 19 ata o 23 de xullo de 2024 (ambos incluídos) sen que os/as aspirantes deste proceso realizaran ningunha alegación.

Posteriormente, e tras ver o documento do 30 de decembro de 2024 que contiña as cualificacións finais definitivas, a proposta de nomeamento, a listaxe de emprego temporal e prazo de presentación de documentación, estivo aberto un prazo de 5 días naturais, desde o 31 de decembro de 2024 ata o 4 de xaneiro de 2025, para que o candidato proposto presentara a documentación requirida nas bases de convocatoria. Documentación que foi presentada a través do rexistro municipal o día 2 de xaneiro de 2025 co número de entrada 2025-E-RC-0001.

Con base no anterior e en vista das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Realizar o nomeamento como persoal laboral fixo, a tempo completo, para ocupar unha (1) praza de persoal laboral fixo no Concello de Mondoñedo de **Oficial Servizos Múltiples-Condutores, posto denominado Oficial Servizos Múltiples-Condutores, grupo AP a D. Manuel Alonso Alonso con DNI núm. ***1833**.**

Segundo.- Notificar a presente ao interesado, publicala no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e dar traslado da presente Resolución aos servizos correspondentes para a súa execución e efectos.

Así o ordena e asina o Alcalde-Presidente.

Mondoñedo, na data de sinatura

O alcalde-presidente A secretaria-interventora

Manuel Ángel Otero Legide Ruth López-Mosquera García

(documento asinado dixitalmente á marxe)”

Mondoñedo, 7 de xaneiro de 2025.- O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 0034

Anuncio

A Alcaldía-Presidencia do Concello de Mondoñedo, o día 7 de xaneiro de 2025 ditou a resolución núm. 2025-0002 que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD DE DÚAS (2) PRAZAS DE OFICIAL SERVIZOS MÚLTIPLES-CONDUTORES DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, PARA O POSTO DENOMINADO “OFICIAL SERVIZOS MÚLTIPLES-CONDUTORES”, GRUPO C2, XORNADA COMPLETA, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (D.A. 6ª e D.A. 8ª da Lei 20/2021)

O Presidente do Goberno de España, publicou no Boletín Oficial do Estado núm. 312, do 29 de decembro de 2021, a Lei 20/2021, do 28 de decembro de 2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

A Alcaldía, deste concello, aprobou mediante Resolución núm. 2022-0110 do 24 de maio de 2022, a oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal, que cumpría as previsións do artigo 2 e da disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 119, do 26 de maio de 2022, realizando previamente a negociación colectiva establecida pola lexislación vixente.

Posteriormente, o Concello de Mondoñedo, confeccionou as Bases Xerais que regulan, xunto coas Bases Específicas, o proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, convocado para o ingreso en dúas prazas de persoal laboral fixo no Concello de Mondoñedo denominada **Oficial Servizos Múltiples-Condutores (posto: Oficial Servizos Múltiples-Condutores)**, polo sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, **xornada completa**, incluída na Oferta de emprego público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (D.A. 6ª e 8ª da Lei 20/2021), e publicadas no BOP de Lugo nº 298, do 30 de decembro de 2022 e corrección de erros no BOP de Lugo nº 299, do 31 de decembro de 2022, co anuncio do extracto da convocatoria no DOG núm. 20, do 30 de xaneiro de 2023 e no BOE núm. 37, do 13 de febreiro de 2023.

Unha vez publicado no BOE o extracto da convocatoria e bases xerais e específicas, iniciouse o prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte á publicación, polo que o prazo de presentación de instancias estivo aberto desde o 14 de febreiro ata o 6 de marzo de 2023 (ambos inclusive).

Esta Alcaldía, ditou o día 30 de marzo de 2023 a Resolución núm. 2023-0071 a través da que se aprobaba a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao citado proceso selectivo. Houbo alegacións, polo que

tal e como se establece no apartado 6.2 das Bases Xerais reguladoras do proceso de selección, a Alcaldía ditou, o 27 de abril de 2023, a Resolución nº 2023-0121 coa lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao citado proceso. Esta lista publicouse o mesmo día no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do concello, sen que consten recursos contra a listaxe definitiva, tal e como se especifica no apartado 6.2.1.

Esta Alcaldía, ditou o día 16 de decembro de 2024 a Resolución núm. 2024-0379 a través da que se nomea e se convoca ao tribunal para a fase de acreditación do coñecemento da lingua galega, así como para o posterior baremo de méritos dos aspirantes admitidos e excluídos neste proceso selectivo.

Logo de ver a acta do tribunal do proceso selectivo do 19 de decembro de 2024, na que se reflicte que un dos candidatos que máis adiante se cita expresamente resultou Apto na proba de coñecemento da lingua galega. Posteriormente, na acta do 26 de decembro de 2024, reflíctese que o candidato ALBERTO PÉREZ CUBA con DNI ***4583** foi o candidato con maior puntuación, MANUEL LÓPEZ LEDO con DNI ***7914** foi o segundo candidato con maior puntuación, esta estivo exposta na sede electrónica desta entidade local (<https://sedelectronica.mondonedo.gal>), por un período de 5 días naturais, desde o 28 de decembro de 2024 ata o 1 de xaneiro de 2025 (ambos incluídos) sen que os/as aspirantes deste proceso realizaran ningunha alegación. Ao tempo o candidato proposto presentou a documentación requirida nas bases de convocatoria a través do rexistro municipal o día 30 de decembro de 2024 co número de entrada 2024-E-RC-3803.

Con base no anterior e en vista das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Realizar o nomeamento como persoal laboral fixo, a tempo completo, para ocupar unha (1) praza de persoal laboral fixo no Concello de Mondoñedo de **Oficial Servizos Múltiples-Condutores, posto denominado Oficial Servizos Múltiples-Condutores, subgrupo C2 a D. Manuel López Ledo con DNI núm. ***7914****

Segundo.- Notificar a presente ao interesado, publicala no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e dar traslado da presente Resolución aos servizos correspondentes para a súa execución e efectos.

Así o ordena e asina o Alcalde-Presidente.

Mondoñedo, na data de sinatura

O alcalde-presidente A secretaria-interventora

Manuel Ángel Otero Legide Ruth López-Mosquera García

(documento asinado dixitalmente á marxe)"

Mondoñedo, 7 de xaneiro de 2025.- O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 0035

Anuncio

A Alcaldía-Presidencia do Concello de Mondoñedo, o día 7 de xaneiro de 2025 ditou a resolución núm. 2025-0003 que literalmente di:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD DÚAS (2) PRAZAS DE OFICIAL SERVIZOS MÚLTIPLES-CONDUTORES DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, PARA O POSTO DENOMINADO "OFICIAL SERVIZOS MÚLTIPLES-CONDUTORES", GRUPO C2, XORNADA COMPLETA, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (D.A. 6ª e D.A. 8ª da Lei 20/2021)

O Presidente do Goberno de España, publicou no Boletín Oficial do Estado núm. 312, do 29 de decembro de 2021, a Lei 20/2021, do 28 de decembro de 2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

A Alcaldía, deste concello, aprobou mediante Resolución núm. 2022-0110 do 24 de maio de 2022, a oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal, que cumpría as previsións do artigo 2 e da disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 119, do 26 de maio de 2022, realizando previamente a negociación colectiva establecida pola lexislación vixente.

Posteriormente, o Concello de Mondoñedo, confeccionou as Bases Xerais que regulan, xunto coas Bases Específicas, o proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, convocado para o ingreso en dúas prazas de persoal laboral fixo no Concello de Mondoñedo denominada **Oficial Servizos Múltiples-Condutores (posto: Oficial Servizos Múltiples-Condutores)**, polo sistema de

concurso, acceso libre, cota xeral, **xornada completa**, incluída na Oferta de emprego público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (D.A. 6ª e 8ª da Lei 20/2021), e publicadas no BOP de Lugo nº 298, do 30 de decembro de 2022 e corrección de erros no BOP de Lugo nº 299, do 31 de decembro de 2022, co anuncio do extracto da convocatoria no DOG núm. 20, do 30 de xaneiro de 2023 e no BOE núm. 37, do 13 de febreiro de 2023.

Unha vez publicado no BOE o extracto da convocatoria e bases xerais e específicas, iniciouse o prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte á publicación, polo que o prazo de presentación de instancias estivo aberto desde o 14 de febreiro ata o 6 de marzo de 2023 (ambos inclusive).

Esta Alcaldía, ditou o día 30 de marzo de 2023 a Resolución núm. 2023-0071 a través da que se aprobaba a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao citado proceso selectivo. Houbo alegacións, polo que tal e como se establece no apartado 6.2 das Bases Xerais reguladoras do proceso de selección, a Alcaldía ditou, o 27 de abril de 2023, a Resolución nº 2023-0121 coa lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao citado proceso. Esta lista publicouse o mesmo día no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do concello, sen que consten recursos contra a listaxe definitiva, tal e como se especifica no apartado 6.2.1.

Esta Alcaldía, ditou o día 16 de decembro de 2024 a Resolución núm. 2024-0379 a través da que se nomea e se convoca ao tribunal para a fase de acreditación do coñecemento da lingua galega, así como para o posterior baremo de méritos dos aspirantes admitidos e excluídos neste proceso selectivo.

Logo de ver a acta do tribunal do proceso selectivo do 19 de decembro de 2024, na que se reflicte que un dos candidatos que máis adiante se cita expresamente resultou Apto na proba de coñecemento da lingua galega. Posteriormente, na acta do 26 de decembro de 2024, reflíctese que o candidato ALBERTO PÉREZ CUBA con DNI ***4583** foi o candidato con maior puntuación, MANUEL LÓPEZ LEDO con DNI ***7914** foi o segundo candidato con maior puntuación, esta estivo exposta na sede electrónica desta entidade local (<https://sedelectronica.mondonedo.gal>), por un período de 5 días naturais, desde o 28 de decembro de 2024 ata o 1 de xaneiro de 2025 (ambos incluídos) sen que os/as aspirantes deste proceso realizaran ningunha alegación. Ao tempo o candidato proposto presentou a documentación requirida nas bases de convocatoria a través do rexistro municipal o día 30 de decembro de 2024 co número de entrada 2024-E-RC-3802.

Con base no anterior e en vista das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Realizar o nomeamento como persoal laboral fixo, a tempo completo, para ocupar **unha (1) praza de persoal laboral fixo no Concello de Mondoñedo de Oficial Servizos Múltiples-Condutores, posto denominado Oficial Servizos Múltiples-Condutores, subgrupo C2 a D. Alberto Pérez Cuba con DNI núm. ***4583**.**

Segundo.- Notificar a presente ao interesado, publicala no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e dar traslado da presente Resolución aos servizos correspondentes para a súa execución e efectos.

Así o ordena e asina o Alcalde-Presidente.

Mondoñedo, na data de sinatura

O alcalde-presidente A secretaria-interventora

Manuel Ángel Otero Legide Ruth López-Mosquera García

(documento asinado dixitalmente á marxe)”

Mondoñedo, 7 de xaneiro de 2025.- O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 0036

Anuncio

A Alcaldía-Presidencia do Concello de Mondoñedo, o día 7 de xaneiro de 2025 ditou a resolución núm. 2025-0004 que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA (1) PRAZA DE AUXILIAR DE BIBLIOTECA E ACTIVIDADES LITERARIAS DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, PARA O POSTO DENOMINADO “AUXILIAR DE BIBLIOTECA E ACTIVIDADES LITERARIAS”, GRUPO C, SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (D.A. 6ª e D.A. 8ª da Lei 20/2021)

O Presidente do Goberno de España, publicou no Boletín Oficial do Estado núm. 312, do 29 de decembro de 2021, a Lei 20/2021, do 28 de decembro de 2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

A Alcaldía, deste concello, aprobou mediante Resolución núm. 2022-0110, do 24 de maio de 2022, a oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal, que cumpría as previsións do artigo 2 e da disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 119, do 26 de maio de 2022, realizando previamente a negociación colectiva establecida pola lexislación vixente.

Posteriormente, o Concello de Mondoñedo, confeccionou as Bases Xerais que regulan, xunto coas Bases Específicas, o proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, convocado para o ingreso en **unha praza** de persoal **funcionario** no Concello de Mondoñedo denominada **Auxiliar de Biblioteca e Actividades Literarias (posto: Auxiliar de Biblioteca e Actividades Literarias)**, polo sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, incluída na Oferta de emprego público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (D.A. 6ª e 8ª da Lei 20/2021), e publicadas no BOP de Lugo nº 298, do 30 de decembro de 2022 e corrección de erros no BOP de Lugo nº 299, do 31 de decembro de 2022, co anuncio do extracto da convocatoria no DOG núm. 20, do 30 de xaneiro de 2023 e no BOE núm. 37, do 13 de febreiro de 2023.

Unha vez publicado no BOE o extracto da convocatoria e bases xerais e específicas, iniciouse o prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte á publicación, polo que o prazo de presentación de instancias estivo aberto desde o 14 de febreiro ata o 6 de marzo de 2023 (ambos inclusive).

Esta Alcaldía, ditou o día 30 de marzo de 2023 a Resolución núm. 2023-0065 a través da que se aprobaba a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao citado proceso selectivo. Houbo alegacións, polo que tal e como se establece no apartado 6.2 das Bases Xerais reguladoras do proceso de selección, a Alcaldía ditou, o 27 de abril de 2023, a Resolución nº 2023-0120 coa lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao citado proceso. Esta lista publicouse o mesmo día no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do concello, sen que consten recursos contra a listaxe definitiva, tal e como se especifica no apartado 6.2.1.

Esta Alcaldía, ditou o día 16 de decembro de 2024 a Resolución núm. 2024-0377 a través da que se nomea e se convoca ao tribunal para a fase de acreditación do coñecemento da lingua galega, así como para o posterior baremo de méritos dos aspirantes admitidos e excluídos neste proceso selectivo.

Logo de ver a acta do tribunal do proceso selectivo do 19 de decembro de 2024, na que se reflicte que a candidata que máis adiante se cita expresamente resultou Apta na proba de coñecemento da lingua galega. Posteriormente, na acta do 26 de decembro de 2024, reflictese que a candidata RUSSE GONZÁLEZ-REDONDO CALLEJA con DNI ***5308** foi a candidata con maior puntuación, esta estivo exposta na sede electrónica desta entidade local (<https://sedelectronica.mondonedo.gal>), por un período de 5 días naturais, desde o 28 de decembro de 2024 ata o 1 de xaneiro de 2025 (ambos incluídos) sen que os/as aspirantes deste proceso realizaran ningunha alegación. Ao tempo a candidata proposta presentou a documentación requirida nas bases de convocatoria a través do rexistro municipal o día 30 de decembro de 2024 co número de entrada 2024-E-RC-3801.

Con base no anterior e en vista das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Realizar o nomeamento como funcionaria de carreira, a tempo completo, para ocupar **unha (1) praza de persoal funcionario** no Concello de Mondoñedo de **Auxiliar de Biblioteca e Actividades Literarias, posto denominado Auxiliar de Biblioteca e Actividades Literarias, grupo C, subgrupo C2 a D.ª Russé González-Redondo Calleja con DNI núm. ***5308**.**

Segundo.- Notificar a presente á interesada, publicala no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e dar traslado da presente Resolución aos servizos correspondentes para a súa execución e efectos.

Así o ordena e asina o Alcalde-Presidente.

Mondoñedo, na data de sinatura

O alcalde-presidente A secretaria-interventora

Manuel Ángel Otero Legide Ruth López-Mosquera García

(documento asinado dixitalmente á marxe)”

Mondoñedo, 7 de xaneiro de 2025.- O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 0037

POL

Anuncio

PUBLICACIÓN DEFINITIVA DO TEXTO DA ORDENANZA

Rematado o prazo de exposición pública do acordo do Pleno do Concello de data 11 de novembro de 2024, referido á aprobación provisional da modificación da **Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga no Concello de Pol**, publicado no BOP número 264, de data 15 de novembro de 2024.

Non tendo sido presentada ningunha reclamación e unha vez transcorrido o período de exposición pública, o devandito acordo elévanse a definitivo, segundo o establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e procédese á publicación do texto íntegro da ordenanza fiscal modificada, tal e como figura no anexo deste anuncio.

Contra este acordo, elevado a definitivo, e a súa respectiva ordenanza, os interesados poderán interpoñer recurso Contencioso Administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede na Coruña, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao do a publicación deste acordo e o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Pol, 3 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

ANEXO I**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA.****Artigo 1.- Fundamento e natureza**

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 57 en relación co 20.4 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo este concello establece a "Taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga", que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa, a prestación do servizo de abastecemento de auga potable, que inclúe a captación de auga bruta e a súa potabilización, almacenamento e distribución no municipio de Pol. Tamén constitúe o feito imponible desta taxa o establecemento dos puntos de acometida ou enganche, que inclúe o estudo, tramitación e inspección das acometidas ás redes públicas de abastecemento de auga.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiada polo servizo regulado nesta taxa.

Terán a consideración de substitutos do contribuínte o propietario das vivendas ou locais onde se preste o servizo de abastecemento de auga, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas aos beneficiarios do servizo.

Artigo 4.- Responsables

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Base imponible. Tarifas e Cota tributaria.

A base imponible está constituída polos metros cúbicos de auga consumidos no mes.

A cota tributaria será a resultante da aplicación das seguintes tarifas sobre as que se aplicarán o importe do Imposto sobre o Valor Engadido no seu caso:

1. USOS COMÚNS:

- Na subministración da auga:
 - Tarifa fixa: 15 euros/ trimestre
 - Primeiro bloque: Ata 20 m³ (incluído): 0,30 euros/ m³/mes

- Segundo bloque: De 21 m³ en diante: 0,40 euros/ m³/mes

- Nos dereitos de acometida a satisfacer por unha soa vez:
 - Tarifa xeral: 200 euros
 - Tarifa reducida: 50 euros

A tarifa reducida será aplicable á solicitude do suxeito pasivo, cando acredite que cumpre as condicións para ser beneficiario das axudas do RISGA, ou situacións asimiladas a esta, despois de valoración e informe favorable por parte dos servizos sociais do concello.

2. USOS GANDEIROS:

- Tarifa fixa: 20 €/trimestre
- Na subministración da auga: 0,40 euros/m³/mes
- Nos dereitos de acometida a satisfacer por unha soa vez: 500 euros

Artigo 6.- Devindicación

Devindícase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal obxecto desta ordenanza.

Artigo 7.- Declaración, liquidación e ingreso

1. Esta taxa se liquidará e recadará de forma trimestral e conxuntamente coa taxa por recollida de lixo e a taxa polo servizo de sumidoiro se é o caso.
2. Dado o carácter de “tributo de cobro periódico por recibo”, unha vez solicitada a alta na prestación do servizo as seguintes liquidacións da taxa notificaranse colectivamente mediante edictos que así o advirtan.
3. Novas altas no servizo.

Os suxeitos pasivos solicitarán ao concello a prestación do servizo de abastecemento de auga.

Establécense dúas formas de liquidación e ingreso da tarifa de acometida:

- a. Pago total da tarifa de acometida no momento da solicitude. Polo tanto a solicitude irá acompañada do xustificante de ingreso da autoliquidación.
- b. Pago en tres prazos da tarifa de acometida. Neste caso a solicitude irá acompañada do xustificante de ingreso do primeiro prazo, sendo este un terzo do total da tarifa de enganche a satisfacer segundo o uso do servizo (común ou gandeiro). E tamén acompañado do número de conta onde se realizarán os dous cargos restantes que se efectuarán nos dous meses seguintes á solicitude de alta.

No caso de ser beneficiario da tarifa reducida para o enganche nos usos comúns será necesario o informe favorable dos Servizos Sociais do Concello.

Artigo 9.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Título V da Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL.

Esta Ordenanza fiscal derroga a anterior e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Pol, 3 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 0038

Anuncio

PUBLICACIÓN DEFINITIVA DO TEXTO DA ORDENANZA

Rematado o prazo de exposición pública do acordo do Pleno do Concello de data 11 de novembro de 2024, referido á aprobación provisional da modificación da **Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de recollida do lixo domiciliario no Concello de Pol**, publicado no BOP número 264, de data 15 de novembro de 2024.

Non tendo sido presentada ningunha reclamación e unha vez transcorrido o período de exposición pública, o devandito acordo elévanse a definitivo, segundo o establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo

2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e procédese á publicación do texto íntegro da ordenanza fiscal modificada, tal e como figura no anexo deste anuncio.

Contra este acordo, elevado a definitivo, e a súa respectiva ordenanza, os interesados poderán interpoñer recurso Contencioso Administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede na Coruña, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao do a publicación deste acordo e o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Pol, 3 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

ANEXO I

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO DOMICILIARIO NO CONCELLO DE POL

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO.

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Aos efectos desta ordenanza fiscal, e atendendo a canto se establece no artigo 3º da Lei 22/2011, de 28 de xullo de residuos e solos contaminados, e atendendo tamén ao nivel de desenvolvemento do servizo neste Concello e as actividades predominantes no municipio, os residuos domésticos aos que se aplica esta taxa serán os que se recolle no artigo 2º da presente ordenanza.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1.-Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliario de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, gandeiras, artísticas e de servizos no termo municipal de Pol.

2.-A tal efectos, considéranse residuos domésticos, os residuos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas. Se consideran tamén residuos domésticos os similares aos anteriores xerados en ganderías, servizos e industrias.

Se exclúen de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritos humanos e animais, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou cuxa recollida ou vertido esixan a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO

1. Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e os entes sen personalidade xurídica a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen os inmobles situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se presta o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario.

2. Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aqueles, beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4º. EXENCIÓNS

1. Ó abeiro do establecido no artigo 24.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, gozarán de exención subxectiva os contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA). Para ter dereito á obtención deste beneficio, o interesado deberá solicitalo e acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento e a solicitud debe ser informada favorablemente polos Servizos Sociais do Concello.

2. Ó abeiro do mesmo artigo do parágrafo anterior, gozarán de exención subxectiva os contribuíntes do epígrafe D: Granxas e ganderías, cando o número de cabezas de gando vacún sexa inferior a 10 e cando o número de cabezas de gando porcino sexa inferior a 50.

ARTIGO 5º. BASES DE GRAVAME E TARIFAS

As tarifas son de cota fixa, de carácter trimestral. E se detallan nos seguintes epígrafes:

EPÍGRAFE A: Vivendas: 30 euros por trimestre

EPÍGRAFE B: Actividades comerciais e industriais, tales como, alimentación, supermercados, panaderías, droguerías, bazares, caixas de aforro, entidades bancarias, cooperativas, agrupación escolar, farmacias,

fábricas de pensos, mármore e granitos, ferraxarías, bares e restaurantes, fontanería e calefacción, materiais de construción e saneamento, estacións de servizo e calquera outra similar non relacionada: 50 euros por trimestre.

ÍGRAFE C: Actividades comerciais e industriais, tales como téxtiles, mercerías, paqueterías, perruquerías, calzados, da madeira, moblerías e carpinterías, funerarias, talleres mecánicos, carpintería metálica, chapa e pintura, ferrerías, estanco, muíños, louseiras e outras similares non relacionadas: 50 euros por trimestre

EPÍGRAFE D: Granxas e ganderías, co seguinte detalle:

- D.1. Ganderías de vacún de 10 a 99 cabezas de gando: 40 euros por trimestre.
- D.2. Ganderías de vacún de 100 a 299 cabezas de gando: 70 euros por trimestre.
- D.4. Ganderías de vacún de 300 cabezas de gando en diante: 100 euros por trimestre.
- D.5. Ganderías de porcino de 50 ou mais cabezas de gando: 60 euros por trimestre.
- D.6. Granxas avícolas: 60 euros por trimestre.

ARTIGO 6º. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVINDICACIÓN

1. A taxa devindícase e nace a obrigaón de contribuír desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario nos lugares, e rúas onde figuren as vivendas, locais ou establecementos utilizados polos contribuíntes suxeitos á Taxa.
2. Establecido e en funcionamento o servizo, a devindicación terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano, e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese do servizo.
3. No suposto de inicio do servizo, a taxa devindicarase polos trimestres completos nos que se presta o servizo, mentres que no suposto de cese do servizo, a taxa devindicarase polos trimestres cumpridos de prestación do mesmo, incluído aquel no que se encontra o día que finaliza a prestación do servizo.

ARTIGO 7º. DECLARACIÓN E INGRESO.

1. A taxa por recollida de lixo, xestionarase mediante padrón ou matrícula. En todo caso, os obrigados tributarios deberán poñer en coñecemento da Administración municipal toda variación dos datos figurados na matrícula, que poida orixinar baixa ou alteración no padrón. Esta obrigaón deberá cumprirse no prazo dun mes desde que se produza a circunstancia determinante da modificación.
2. O pago da cota terá carácter trimestral.
3. A cobranza poderase realizarse en recibo conxunto coa Taxa da rede de sumidoiros e do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable. Están obrigados ó pago as persoas que constan como titulares da vivenda ou local para os efectos de prestación do citado servizo de augas, de conformidade co artigo 3 desta ordenanza. A alta no servizo de augas leva consigo a correlativa inclusión no Padrón de recollida de lixo.

ARTIGO 8º. INFRACCIÓNS E SANCIOÑS TRIBUTARIAS.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA

Esta Ordenanza fiscal deroga a anterior.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Contra o acordo de aprobación definitiva poderase interpoñer recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde a publicación deste anuncio, de conformidade co disposto no art. 10 e 46 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Pol, 3 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 0039